

Autor e ilustrador: **DIETER WIESMÜLLER**  
Tradución: **EVA ALMAZÁN**

Encadernado en cartón. 26x26 cm.


40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

-Galego: "Olladas"  
MareMar. ISBN 978-84-8464-656-3

-Castelán: "Miradas"  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-78-9

Precio: 16 €



## OLLADAS

**O mundo está cheo de sorpresas. Sempre hai algo que descubrir, onde queira que vivas. Nin por un momento estás só: ben na vila ou ben na aldea, na fraga ou no lago, na sabana ou na selva, polo día ou pola noite... só tes que mirar ao teu redor. Coas orellas requichadas, aguza o oído desde o cómaro da fraga para escoitar ben os rúidos do campo. Velo? El a ti xa te viu! Asombrárono os bufidos do tractor. Agora vai pegar un brinco, dar unha reviravolta e fuxir aos choutos para se esconder no agocho máis próximo.**

O moucho, o rato, o león... vennos dende o seu niño, o seu escondite, a súa gorida. E nós a eles? Un libro sobre miradas que axexan e buscan, un libro para observar e ser observado, para identificar os animais nos seus hábitats naturais.

Destaca a súa proposta estética, con ilustracións tremendamente realistas e cheas de colorido. O autor dispón nunha páxina un primeiro plano do ollo do misterioso animal ao que alude e na seguinte a do espazo que ve. Esta estrutura permítelle ao lector achegarse a cada escena con dous puntos de vista, o propio, e o do animal con respecto ao que este capta dende o lugar no que está.



A obra recibiu varios galardóns, entre eles foi distinguido como un dos sete mellores libros para lectores xuvenís en 2002, o álbum ilustrado do mes en xaneiro de 2003, o Premio Frances and Wesley

Bock 2003 e nos Estados Unidos recibiu en 2004 o premio internacional ao mellor libro outorgado pola Asociación de Bibliotecarios Escolares.

### DIETER WIESMÜLLER (1950)

Autor e ilustrador de libros e traballos para revistas, un dos máis apreciados en Alemaña polo seu estilo, que destaca polo carácter envolvente das súas propostas estéticas.

- **Temática:** álbum ilustrado sobre natureza
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** a estrutura do libro permite que o lector teña dous puntos de vista sobre os que fixarse, por unha banda o seu propio, de modo que mira o ollo do animal ao que se refire cada relato; e por outro, o punto de vista do que ve ese animal no seu hábitat natural.
- **Aplicacións:** para divulgar a variedade da fauna e da flora en diversos puntos do planeta; ampliar coñecementos sobre as especies, os seus costumes e o medio no que viven.